

ACTA

Mesa de coordinación interna do programa CAI

10/02/2026

Hora: 09,30h

Lugar: Sala de Xuntas do concello de Teo

Orde do día:

1. Aprobación da acta da última sesión do 18 de novembro de 2025.
2. Avaliación do CLIA do 20 de novembro e propostas para este curso
3. Outros

Deliberacións:

1. Aprobación da acta da última sesión do 18 de novembro de 2025. Apróbase a acta por asentimento dos presentes.

2. Avaliación do CLIA do 20 de novembro e propostas para este curso. A técnica do programa CAI informa cómo se organizou a **participación dos centros educativos no CLIA do 20 de novembro**. Comenta que se produxo un malentendido cos centros educativos no referente ao traballo nas aulas para a elaboración de propostas, tanto no IES Cacheiras como ceip A Ramallosa (aquí ademais non elixiron alumnado a maiores das vogais do FoPIA). No colexio dos Tilos sí se traballou, e no ceip de Calo finalmente non acudiron por non contar con alumnado interesado na participación. Cómpre para próximas edicións mellorar o proceso de comunicación cos centros educativos.

Sobre as propostas presentadas polas Toupas no CLIA vanse lembrando as diferentes propostas: *proposta 1: colocación de debuxos nas marquesiñas:* o concelleiro de Benestar e Infancia Juan Cerqueiro indica que está pendente de falar cun artista local. *Sobre a proposta 2: impartición de charlas de sensibilización nos centros educativos sobre acoso escolar.* Recentemente tiveron lugar nos centros educativos estas charlas por parte da Garda Civil e o CIM. *Sobre a proposta 3: Obradoiro ou Feira de videoxogos* o concelleiro de Mocidade Rogelio Gómez informa que a semana que ven se organiza un obradoiro sobre o bo uso dos videoxogos e teléfonos dirixido a rapazada de 6 en diante. Ademais indica que a finais de maio é previsible que se celebre tamén a Feira de videoxogos. *Sobre a proposta 4: Creación dun protocolo municipal para a prevención do ciberacoso* os integrantes da Mesa aproban que se inicien actuacións para que a *Mesa comunitaria de infancia* sexa quen elabore de xeito participado este protocolo.

Sobre as propostas que están traballando as Toupas no FoPIA infórmase que elixiron abordar a *temática da non discriminación, a interculturalidade e o respecto a todas as culturas e etnias coa creación dun comic/conto*. Aínda que nun principio pensaran centralo na convalidación de titulacións agora decidiron centralo na discriminación á hora de alugar. Poderíase xuntar a necesidade de ilustrador/a e/ou escritor/a local coa primeira proposta. Algún nome que se

propón é o de David Orihuela, o profesor da aula cultural de artes plásticas. Tamén se baralla a posibilidade de que algún concelleiro ou concelleira vaia a unha reunión do FoPIA a comentarlles as posibilidades de artista local co que colaborar.

As toupas tamén pensaron en preparar algo para as Letras galegas. Segundo indica a concelleira de Educación María López na súa concellería están preparando un *concurso de relatos*, aínda non teñen datas. Poderíase estudar se as Toupas poderían participar como axudantes no Xurado.

A técnica de alfabetización dixital Silvia Casas tamén informa de que no verán se organizarán os cursos de mecanografía e iniciación á informática básica para rapazada. O concelleiro de Mocidade Rogelio Gómez informa de que a principios do mes de abril se organizará a liga interparroquial de fútbol dirixido tanto a proxenitores como a fillos e fillas.

3. Outros: a técnica do programa CAI informa de que recentemente se anunciou a renovación de Candidaturas ao CEPIA, <https://www.juventudeinfancia.gob.es/es/infancia/consejo-de-participacion-de-la-infancia-y-la-adolescencia/renovaciones-del-cepia>. Onte se ía a tratar na reunión e non lles deu tempo, pero se abordará na próxima e é posible que presentemos a algunha Toupa candidata. Por outra banda, infórmase da celebración por parte de UNICEF do 7º Congreso Ciudades Amigas de la Infancia que se celebrará en Caixaforum-Madrid os próximos 12–13 de maio.

Por último, dase conta de que estamos na metade do recoñecemento de UNICEF como Cidade Amiga da Infancia e que tras o informe intermedio presentado nos chegará un informe de devolución aproximadamente nun mes. No 2027 haberá que enviar o informe Final.

Sendo as 10,20h dase por finalizada a sesión.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 10/02/2026.